

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A CORPORACIÓN VOZ DE GALICIA, S.L.U. PARA A DIFUSIÓN INFORMATIVA DA CAPITALIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN NO ANO 2022.

4 de abril de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González como **conselleiro de Cultura, Educación e Universidade** da Xunta de Galicia, en nome e representación desta, no exercicio do seu cargo para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, _____ en representación da sociedade **Corporación Voz de Galicia SLU**, con CIF: B-15292022, e enderezo en Ronda de Outeiro n.º 1-3 baixo, 15006 - A Coruña, actuando en nome e representación desta, en virtude de escritura de apoderamento outorgada ante o notario da Coruña, don Francisco Manuel Ordóñez Armán, o día 26 de xullo de 2011, baixo o número 1992 do seu protocolo.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñan conferidas, e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia ten competencia exclusiva sobre Patrimonio cultural, de acordo con establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española; en virtude desa competencia

ditamos a Lei 5/2016 do 4 de maio de 2016, do patrimonio cultural de Galicia. Tamén ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española.

Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

Segundo.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dentro dos ámbitos da súa competencia amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega.

Terceiro.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade considera esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan levar a cabo a difusión e información a través dos medios de comunicación das potencialidades da cidade de Santiago de Compostela mediante a difusión de información relativa á imaxe e Santiago de Compostela nos ámbitos de actuación da consellería. A difusión tomará como eixos: as letras, o audiovisual, o musical, as artes escénicas, o patrimonio cultural e outros moitos, todos eles relacionados coa cultura galega, tendo especialmente en conta o contexto da celebración do Xacobeo 21-22.

Santiago converteuse nun punto de referencia obrigada para a cultura en Galicia. Santiago foi capital europea da Cultura distinción que foi concedida en recoñecemento ao seu dinamismo cultural e a súa labor de difusión cultural ao longo da historia; Santiago tamén é Cidade "Patrimonio de la Humanidad" e por suposto meta do Camiño de Santiago. A todas estas razóns temos que engadirlle tamén que Santiago é a capital de Galicia e polo tanto o mellor expoñente dunha cultura única como é a galega.

Cuarto.- Que os medios de comunicación son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades do artigo 20 da Constitución, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública libre, de tal xeito que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de maneira que poda ponderar as opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundidas a través dos medios de comunicación constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual como social.

En definitiva, os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

Quinto- Que a Corporación La Voz de Galicia SLU é a empresa matriz do grupo de comunicación que integra o xornal en formato papel La Voz de Galicia; o xornal dixital www.lavozdeg Galicia.es; e Radio Voz. La Voz de Galicia, cuxo ámbito principal é Galicia, é o diario galego con maior difusión en Santiago de Compostela de acordo cos datos da última onda do Estudo Xeral de Medios (EXM). É un periódico que conta cunha edición dedicada diariamente a Santiago de Compostela.

Sexto.- Que as dúas partes, que teñen intereses comúns e coincidentes, manifestan a súa vontade de colaborar na difusión e información a través dos medios de comunicación no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é a divulgación das potencialidades de Santiago de Compostela co fin de poñer en valor aqueles aspectos culturais e patrimoniais que a fan

única, co obxectivo de conseguir aumentar progresivamente a presenza e participación dos cidadáns nestes actos.

Polo exposto, e tendo en conta os fins e obxectivos expostos, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións a través das cales se vai articular a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Corporación La Voz de Galicia SLU para contribuír á realización de actuacións de difusión da cidade de Santiago de Compostela no ámbito relacionado coa cultura e co patrimonio cultural.

A Corporación La Voz de Galicia SLU vai difundir nos seus medios de comunicación información relativa á imaxe de Santiago de Compostela no ámbito de actuación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, como é o caso do Camiño de Santiago, a Cidade da Cultura, as actividades e programacións culturais, os museos, arquivos e bibliotecas, as iniciativas das industrias do subsector cultural, os espectáculos musicais, audiovisuais, teatrais ou de danza e calquera outra información que poida difundir unha imaxe moderna e de futuro da cidade de Santiago de Compostela garantindo a máxima difusión da actividade.

A colaboración da Corporación La Voz de Galicia SLU consistirá nun incremento da información existente actualmente de tipo cultural nos medios de comunicación, para conseguir acadar os seguintes obxectivos.

- Un mínimo de 22 páxinas na publicación do xornal La Voz de Galicia, sobre os aspectos relacionados no obxecto deste convenio.

- Unha publicación de 8 reportaxes dunha páxina cada unha no suplemento FUGAS sobre os aspectos informativos relacionados no obxecto deste convenio.
- Unha inserción dun banner na edición dixital www.lavozdegalicia.es.
- A realización de dous foros de debate a recoller nas páxinas da edición de Santiago ou dous caderniños especiais de 4 páxinas sobre os aspectos informativos relacionados no obxecto deste convenio, a acordar entre as partes.
- A elaboración da información para a súa difusión no medio correspondente, sen que a Xunta de Galicia poida determinar o contido concreto da información publicada. O volume e a frecuencia das noticias está absolutamente vinculado á intensidade informativa de cada momento e á actualidade informativa

Santiago de Compostela, ademais de capital de Galicia, é capital europea da Cultura, Cidade "Patrimonio de la Humanidad", meta do Camiño de Santiago e a primeira cidade en obter o Primeiro Itinerario Cultural Europeo en 1987. Todas estas razóns fan que Santiago de Compostela sexa o mellor expoñente dunha cultura única como é a galega e que a mellor forma de promover, difundir e transmitir esta riqueza sexa a través dos medios de comunicación, que son a mellor opción para a difusión da información e desempeñan un papel de intermediario natural entre quen quere transmitir a información e o destinatario final, os cidadáns.

Do mesmo xeito cómpre ampliar neste ano a difusión de información sobre as potencialidades de Santiago de Compostela e comarca nos ámbitos cultural, patrimonial e social vinculada á declaración do Xacobeo 21-22 como acontecemento de excepcional interese público, co fin de incrementar o coñecemento da cidadanía deste importante evento cultural.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento previsto para a realización conxunta das actividades ascende a 166.650€ (IVE incluído).

A Consellería contribuirá no desenvolvemento das actividades previstas neste convenio coa achega de 125.000 € (IVE incluído), con cargo ás aplicacións orzamentaria 10.10.431A.640.0, código de proxecto 2015 00350, polo importe de 125.000 €, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022. En todo caso, a achega da Consellería só cubrirá o custo da realización das actividades sen que Corporación La Voz de Galicia SLU obteña beneficio ou lucro industrial algún coas mesmas.

A Consellería procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor de Corporación La Voz de Galicia SLU, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

A Corporación La Voz de Galicia SLU achegará medios materiais, recursos humanos e técnicos precisos para a realización da actividades e financiará gasto por importe de 41.650 € (IVE incluído).

Para o caso de utilizar materiais e/ou documentos básicos elaborados conxuntamente polas partes asinantes serán de titularidade e uso común, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, os protexan fronte a terceiros.

As partes asinantes farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da consellería e do medio de prensa e, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

Terceira. Compromisos das partes

1. A Corporación La Voz de Galicia SLU comprométese a realizar as actuacións descritas na cláusula primeira, e asume as seguintes obrigas:

- Xustificar a realización da actividade.

- A elaboración da información para a súa difusión no medio correspondente, sen que a Xunta de Galicia poida determinar o contido concreto da información publicada. O volume e a frecuencia das noticias está absolutamente vinculado á intensidade informativa de cada momento e á actualidade informativa
- Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, que estarán a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
- A relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa administración en base ao establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a :

- Financiar o custe das actuacións previstas, coa achega establecida na cláusula segunda, logo da xustificación da execución das accións a desenvolver, de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- Proporcionar á Corporación La Voz de Galicia SLU os datos e a documentación que se lle requira e que garante a obxectividade e veracidade da información.
- Facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico na labor de promoción e difusión relacionados coas actividades obxecto este convenio.

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común para as partes asinantes.

Ambas partes farán constar, nun lugar destacado, a colaboración da consellería e do medio de prensa e, sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte deste convenio.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes, non obstante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Liña editorial

A fixación da liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos

publicados correspóndelle ao medio de comunicación, que elaborará con cargo aos medios técnicos e humanos de que dispón toda a información, noticias e publicacións obxecto deste convenio.

Sexta.- Xustificación dos gastos e pagamento

A achega da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, será librada, previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas para o que a Corporación La Voz de Galicia SLU deberá presentar a seguinte documentación, en relación ás actividades cuxa realización asumen de conformidade ao establecido na cláusula segunda:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos realizados.

- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia e do logo do Xacobeo 21-22.

A Consellería resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentarse de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o **20 de decembro de 2022**.

A Corporación presentará a xustificación na correspondente unidade administrativa. Para a presentación da documentación xustificativa deberán ter en conta o seguinte código:

Destino. Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Unidade administrativa Código unidade

Secretaría Xeral Técnica A12025001

A consellería, unha vez recibida a correspondente documentación xustificativa, realizará o libramento da cantidade establecida na cláusula segunda.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da consellería diminuírase proporcionalmente.

Sétima. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio deberán levar a cabo de acordo coas vixentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do*

idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, segundo se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada Lei.

Oitava. Comisión de seguimento

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio de colaboración constituirase unha comisión paritaria que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir a boa execución do convenio.

A Comisión concretará as actividades do programa proposto así como as condicións de financiamento para asegurar a viabilidade das mesmas, dentro da achega máxima a que se obriga a Consellería, coa sinatura deste convenio e establecida na cláusula segunda.

A Comisión de Seguimento fará o seguimento dos traballos obxecto do convenio, así como resolverá as dúbidas que se presenten na súa execución e interpretación.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da

administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena. Avaliación dos resultados

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na participación da sociedade.

Décima. Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Consellería. A Corporación La Voz de Galicia SLU será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Décimo primeira .- Modificacións do convenio

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo segunda.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e contra os seus acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décima terceira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo quinta.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décimo sexta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o **31 de decembro de 2022**.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

Pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

O conselleiro

P.D. (Orde 9-02-2021)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

Por Corporación Voz de Galicia, SLU